Descrición do percorrido

O percorrido transcorre polo concello de Ourense por camiños e sendas de terra, comezando no pobo de Seixalbo,declarado monumento etnográfico. Seixalbo foi dende a idade Media un lugar humilde de labregos e xornaleiros que traballaron as terras do Cabildo Catedralicio e Bispo de Ourense, Señor do lugar que percibía a cambio os foros. A importancia do viño, produto predominante nestas terras, marcou durante séculos a súa historia. Está situado na Vía da Prata e noutrora Camiño Real a Castela, foi "Vila e Couto" até ser incluído no concello de Ourense; os seus habitantes teñen a gala acadar a exención dos foros en 1859, despois de vinte anos de preitos contra a Catedral.

Agás algúns pequenos estragos o pobo conserva en xeral o aspecto que tivo dende o medievo, cheo de recantos e rúas estreitas.

Comezamos a andaina visitando a Capela de Santa Ádega, situada nun outeiro. Santa Ádega ocupa un lugar sobranceiro na vida do pobo. Unha romaría con tradición vense a celebrar tódolos primeiros domingos de febreiro.

Percorremos as rúas do pobo, asentado na laxa, onde contemplaremos mostras da fermosa arquitectura popular, que o impregna todo. Os canzorros da rúa Estreita e das Laxas, da rúa da Tulla ou do Amendo, fortes e rudos, lembran a man dos canteiros; os Cruceiros da Praza e da Santa Ádega e a capela indican a beleza, o sentimento e a devoción; o arco do vello hospital de pelegríns co relevo da Rectoral, obra do escultor cubano Alfredo Gutierrez Vázquez, falan do camiño de Santiago, vía obrigada do espiritualismo en Occidente.

A Igrexa de Seixalbo, está adicada a San Breixo. A fachada actual, de 1901 é obra de Vázquez Gulías. En todo o seu conxunto rastréxanse restos das anteriores construcións, como canzorros románicos, unha capela prateresca e o arco triunfal estilo mozárabe, reparado pero respectando a súa forma. Unha vez rematado o roteiro urbano imos cara ao monte.

Saímos do pobo por un camiño e despois de pasar un túnel por debaixo da vía do tren, comezamos unha subida entre érbedos e algunha sobreira ata chegar ao Chao da Moa tamén chamado Castro Foxo; dende alí teremos unha fermosa vista tanto do pobo de Seixalbo como da cidade de Ourense. Volvemos atrás un pouquiño para coller o Camiño do Gato. Este antigo carreiro unía o primitivo Castro Foxo co asentamento do val, ao pé dun regato. Case ao remate deste camiño atoparémonos cunha árbore chamada "dilueiro ou lodeiro. En Seixalbo foi unha das árbores de meirande importancia, pois coas súas pólas construíronse durante séculos os arcos das cubas, de aí que se procurase que en cada partilla de herdanza figurase polo menos un pé.

Volvemos cruzar polo túnel a vía do tren para encamiñarnos cara ao río Barbaña que vai ser o noso compañeiro durante un gran treito. Ao longo do seu percorrido atoparemos muiños en ruínas e a Presa Grande que durante séculos foi o lugar preferido de baño polos mozos do Seixalbo. Algo máis arriba está o perigoso Pozo do Inferno que so se pode ver cando o río leva pouca auga.

O camiño continúa entre plantacións de vides para volver de novo ao río Barbaña que cruzaremos por unha pequena e rústica ponte, e ao pouco coller o paseo fluvial que nos levará ao centro da cidade de Ourense onde visitaremos parte da súa zona monumental, as Burgas, manancial de augas termais (67ºC)e mineromedicinais que son o símbolo da cidade; a Praza Maior, a Catedral a Praza do Ferro etc.

Nesta páxina podedes descargar folletos da cidade e da zona termal. http://www.turismodeourense.com/. Describir todo neste tríptico e imposible.

Volvemos de novo ao río Barbaña e pola súa beira chegar a Ponte Romana. Como vedes visitaremos os tres puntos de Ourense recollidos no refraneiro "Tres cousas hai en Ourense que non as hai en España a Ponte Romana o Santo Cristo (na Catedral que din lle medra o pelo) e as Burgas fervendo a auga".

Cruzaremos a Ponte Romana, tamén chamada Ponte Vella (ten preto de 2.000 anos de historia), que foi unha imprescindible vía de comunicación entre o norte e o sur de Galicia, e por extensión, con Castela e Portugal. As primeiras referencias documentais aparecen no 1288. Posteriormente foi reparada e modificada en numerosas ocasións. Os restos que conserva da obra romana son o primeiro arco, na marxe esquerda do río, e máis os seus piares circulares; un pouco máis abaixo cruzaremos a Ponte do Milenio (2001) que semella unha gaivota sobre o río e daremos un paseo polas súas escaleiras; dende arriba temos unha fermosa vista da cidade e do río Miño e xa polo paseo das Ninfas chegaremos ao aparcadoiro de Outariz onde nos agardará o autobús co necesario para o baño. Neste percorrido atoparemos a fonte termal de Reza; estas augas nacen dunha beta de auga que cruza o río Miño en diagonal dende a zona do Tinteiro (situado na outra marxe do río) ata a marxe do Paseo das Ninfas, onde manan a 31,5ºC. Estas augas son de mineralización débil, mesotermais, alcalinas, sulforadas e fluoradas e son utilizadas polas súas propiedades anticatarrales e dermatolóxicas para tratar eccemas ou acne.

Algúns de vos xa coñeceredes este último percorrido dende a Ponte Romana pero ven merece a pena volvelo facer pola súa beleza e para dármonos un baño nas pozas.

O baño pódese dar nas termas de pago (hai que levar o pelo recollido, os que o teñan longo e o prezo son 5 euros) ou nas públicas. Para os que o fagades nas públicas e queirades gardar os cousas na taquilla recomendámosvos levar un pequeno cadeado para pechala; pódese mercar alí e custa 2,5 euros.

Para os que non queiran baño farase algunha alternativa como pode ser seguir o sendeiro máis alá das termas de Outariz xa que chega ata preto de Santa Cruz de Arrabaldo.

Distancia: 18 Kms.
Dificultad: baixa.

Mapas utilizados: 187 IV Ourense, 188-III Nogueira de Ramuín, 225II San Cibrao das Viñas, 226-I Esgos

Non esquezades o traxe de baño, a toalla e as chanclas (a roupa de baño pódese deixar no autobús)

Para a preparación desta andaina contamos coa colaboración de Asociación Cultura Agromadas, que posiblemente acompañarannos na nosa visita polo pobo.http://www.seixalbo.com/

O camiño vai por moitas encrucilladas así que non adiantedes aos monitores

PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ *12 de maio do 2013:* **Ó Pai Lor (O'Caurel)**
- ✓ *16 de xuño do 2013:* **Costa da Morte, entre Camariñas e Camelle**

Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org

SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMINA

21 de abril do 2013

SEIXALBO-OUTARIZ


OURENSE
MIÑO
A-52
N-525
N-540